

## **CONCELLO DE TOURO**

### **REFORZO EDUCATIVO VERÁN 2021**

Por mor da situación da pandemia do Covid-19, o Programa REFORZO EDUCATIVO desenvolverase como novidade este ano durante os meses de xullo e agosto co obxectivo de proporcionar un espazo de apoio a toda aquelas familias con nenos e nenas en idade escolar nas que a súa situación de vulnerabilidade impida prestar recursos de apoio educativo externo aos seus fillos e ás súas fillas. A actividade desenrolarase durante os meses de xullo e agosto en horario de 10:00 a 13:30 horas de luns a venres tomando as medidas precisas para que as instalacións onde se desenvolva cumpran a normativa vixente en materia de seguridade, hixiene, sanidade, habitabilidade, accesibilidade, así como outras condicións en materia de prevención determinadas pola normativa vixente. Tendo en conta a idade das persoas usuarias ás que vai destinado o servizo, limitarase o aforo máximo a 6 menores para poder garantir as condicións preventivas e de seguridade. Dispoñerase dun botiquín, fóra do alcance dos nenos e das nenas, debidamente pechado, e que conterá o material necesario para facer unhas primeiras curas e medición de temperatura.

O número de prazas ofertadas será de ata un máximo de 12 para poder adecuarse á normativa vixente.

#### **A ACTIVIDADE SERÁ TOTALMENTE GRATUÍTA**

#### **PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES :**

As solicitudes presentaranse en prazo a través da sede electrónica (se é posible) ou ben no rexistro do concello de Touro.

#### **Criterios de admisión.**

Realizarase unha inscrición , que corresponderá ao mes de xullo e agosto de 2021.

- Abrirase un prazo para a inscrición ao programa de reforzo do 18 ao 29 de xuño.

Admitiranse, inicialmente, as e os menores que cumpran os seguintes requisitos:

1. Estar empadroados no Concello de Touro.
2. Idade comprendida entre 3 anos a 16 anos.

<b>SITUACIÓN SOCIOLABORAL E FAMILIAR</b>	
Casos de emerxencia social ou menores incluídos no Programa de Educación Familiar acreditados polos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Touro ou calquera outra situación que valorada tecnicamente se considere dende os SS.SS.	6 puntos
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ao IPREM (537,84€)	3puntos
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores a 1,5 veces o IPREM (806,76€)	2 puntos
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores a 2,5 veces o IPREM (1344,6€)	1 punto
Unidades familiares monoparentais cun só proxenitor/a responsable traballador/a en activo do neno/a	4 puntos
Unidades familiares nas que os proxenitores ou titores legais estean todos en paro sin ingresos no momento de efectuar a solicitude de praza	6 puntos
Familias vítimas de violencia de xénero	3 puntos
Situación de familia numerosa	Xeral 1 punto Especial 2 puntos

-Procedemento:

#### **DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ DE ACHEGAR XUNTO Á SOLICITUDE**

1. Fotocopia do Libro de Familia.
2. Xustificación dos ingresos dos últimos seis meses (nóminas, pensións...).  
En caso de estar en situación de baixa , excedencia, ERTE ou estar en situación de desemprego no momento de solicitar praza, deberá de achegar fotocopia do documento polo que se recoñece a situación.
3. Documento acreditativo de familia numerosa.
4. Comprobarase o padrón.

Unha vez feita a inscrición e comprobados os requisitos anteriores, publicarase a lista de menores admitidos e admitidas

**Publicación de listas provisionais de admisión e listas de espera:**

As listas publícanse nos lugares de presentación das solicitudes, no Taboleiro do Concello de Touro e na web municipal

Prazo de reclamacións: 30 de xuño de 2021.

Publicaranse as listas definitivas de admitidos e admitidas e as listas de espera nos lugares citados anteriormente, por rigorosa orde de puntuación, unha vez resoltas as reclamacións, se as houbera.